

PLAN ESTRATÉXICO

2012-2015

ONGD LABAÑOU SOLIDARIA



www.labanousolidaria.org labanousolidaria@gmail.com

Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña (España)



ÍNDICE

- 1. Presentación do plan. Antecedentes e xustificación.**
- 2. A nosa Misión e Visión.**
- 3. Principios e valores de Labañou Solidaria.**
- 4. Análise da nosa realidade (DAFO).**
- 5. Obxectivos 2012/2015.**
- 6. Estratexias e actividades.**

1. Presentación do plan. Antecedentes e Xustificación.

O plan estratéxico 2012/2015 é de especial importancia para Labañou Solidaria xa que, tras 12 anos de labor continuada nunha zona do distrito de Vilcabamba, a conca do río Vilcabamba, durante o ano 2011 iniciamos o traspaso do protagonismo do Proxecto de Desenvolvemento ás organizacións comunitarias e Institucións locais, e ó mesmo tempo iniciamos un novo Proxecto noutra conca do distrito, o Val de San Miguel, moi afastada da zona onde traballamos ata hoxe. Non quere dicir que abandonemos os proxectos que se están a realizar na conca de Vilcabamba, pois manteremos a nosa presenza alí aínda que con menor intensidade e protagonismo, pero estamos a abrir un novo traballo na conca de San Miguel, centrado no Comercio Xusto. Isto esta a requirir novos esforzos de Labañou Solidaria, un novo territorio, unha nova comunidade e unha nova área de traballo, porque ate este ano Labañou Solidaria non traballara no eido do comercio xusto.

Igualmente, a propia ONGD Labañou Solidaria necesita continuar os cambios que ven realizando desde a realización da auditoría externa do ano 2007. Cambios relacionados coa progresiva profesionalización da ONGD que garantan a súa sostibilidade e mellore a calidade das súas intervencións.

Nestes tres próximos anos, Labañou Solidaria ten **tres liñas estratéxicas** a seguir:

- Continuar a labor que vimos realizando ata o de agora na poboación de Vilcabamba pero con intención de empoderar definitivamente á nosa contraparte e deixarles a eles o control total sobre os proxectos.
- Iniciar unha nova etapa de traballo na Conca de San Miguel, próxima á conca de Vilcabamba na área do Comercio Xusto.
- Fortalecer a nosa organización como ONGD da Coruña que nos permita levar a cabo a nosa labor dun xeito menos arriscado e con maior seguridade e confianza.

En Febreiro de 2011 a Xunta Directiva da Asociación Labañou Solidaria acordou impulsar a elaboración dun Plan Estratéxico, para definir os grandes obxectivos que quere conseguir a nosa entidade para os próximos anos. Dende entón puxemos en marcha a elaboración deste Plan, buscando a máxima participación da nosa Xunta Directiva. Decidimos seguir os pasos recomendados

por expertos e manuais: definición da misión; análises dos principais puntos fortes e débiles da organización; visión de futuro; e identificación das liñas estratéxicas.

Así, avanzamos neste proceso por medio de reunións extraordinarias da Xunta Directiva no mes de Novembro nas que as persoas que a compoñen puideron intercambiar posturas e debater os puntos máis relevantes para a consecución do Plan. Todas as achegas recibidas puxéronse en común neste documento.

A planificación estratéxica levouse a cabo en catro **etapas**:

- 1 – Actualización da definición da nosa misión e visión
- 2 – Autoavaliación sobre o momento actual da nosa organización: debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO)
- 3 – Visión de futuro da nosa organización para o ano 2015
- 4 – Concreción dos valores e das liñas de acción estratéxica para o período 2012-2015

Finalmente, todo este traballo materializouse neste Plan Estratéxico 2012-2015 da Asociación Labañou Solidaria, que pretende orientar as actividades da nosa ONGD de cara aos próximos anos. Este Plan Estratéxico conforma o proceso de reflexión interna avaliando o traballo destes últimos anos sobre a nosa identidade, nosa misión e nosas liñas de actuación.

De cara ao futuro e até 2015 este Plan Estratéxico teranos que permitir planificar cada ano cunha mellor coherencia e unha perspectiva de futuro mais clara, co fin de chegar a conseguir paulatinamente aquilo que nos propuxemos. Cada paso que deamos durante os vindeiros anos terá sentido se nos pode conducir cara o futuro que como persoas que facemos parte de Labañou Solidaria desexamos e plasmamos neste documento. Isto vai implicar que se revisen o conxunto das nosas actividades para analizar de forma permanente a súa **coherencia** cos contidos deste Plan Estratéxico.

2. **A nosa Misión e Visión.**

O Plan Estratéxico 2012-2015 pretende ser a concreción no tempo da nosa misión e a nosa forma de entender a cooperación para o desenvolvemento. Despois dun proceso de debate levado a cabo en novembro de 2011 aprobouse a nova formulación da nosa misión:

Misión:

“A Asociación Labañou Solidaria ONGD é unha organización cidadá que promove o desenvolvemento sostible e equitativo no distrito de Vilcabamba en Perú e a participación e sensibilización no barrio de Labañou e a cidade da Coruña, promovendo as transformacións a nivel colectivo e individual necesarias para alcanzar un mundo máis xusto e equitativo, denunciando as causas estruturais da pobreza e desigualdade e educando nunha cultura da solidariedade respectuosa co medio e as persoas”.

Esta misión, por tanto, é a nosa razón de ser, o que xustifica a nosa existencia e conforma a nosa identidade. Estará presente sempre e orientará nosos debates, documentos e intervencións.

Visión:

Queremos reducir notablemente a nosa presenza e actividades no Val de Vilcabamba acadando a sustentabilidade das intervencións levadas a cabo todos estes anos cunha apropiación definitiva por parte da comunidade dos proxectos iniciados por Labañou Solidaria.

Ó mesmo tempo queremos estender e fortalecer a nosa presenza no Val de San Miguel, converténdonos en organización de referencia á hora de impulsar proxectos locais a través de asistencia técnica.

Na cidade da Coruña queremos fortalecer a participación cidadá, tanto na propia estrutura organizativa como nas actividades que promovemos.

3. Principios e valores de Labañou Solidaria

1. Labañou Solidaria (en adiante LB) é unha organización sen ánimo de lucro, de carácter cidadá, independente, laica e apartidaria.
2. LS defende o dereito dos pobos ao desenvolvemento, tanto a nivel colectivo como individual, en especial dos grupos máis discriminados.
3. LS entende que a pobreza e a inxustiza dos países do sur son consecuencia directa das políticas e dos comportamentos dos países do norte e de parte da súa cidadanía.
4. LS entende a cooperación dende o enfoque de xénero a todos os niveis, o cal implica unha política activa de superación da discriminación das mulleres dun xeito transversal.
5. LS traballa en pé de igualdade con organizacións cidadáns dos países do Sur que compartan os mesmos principios e criterios xenéricos.
6. LS rexeita as prácticas asistencialistas e “caritativas”, e entende a cooperación como solidariedade e unha obriga cos países do sur.
7. LS promove o protagonismo e autoxestión das comunidades para dar unha resposta axeitada ás necesidades que expresen as comunidades do Sur, co máximo respecto a súa cultura e os seus valores.
8. LS promove procesos de desenvolvemento comunitario, a democracia participativa e protagonismo das organizacións comunitarias na definición das súas necesidades en colaboración con institucións e profesionais locais.
9. As intervencións de LS no terreo baséanse en:
 - Criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
 - Unha visión global e integral dos problemas.
 - A capacitación e a organización da comunidade como eixe central do desenvolvemento comunitario.
10. LS é unha ONGD crítica coa sociedade do primeiro mundo e defende unha perspectiva progresista, contribuindo na loita altermundialista por un mundo máis xusto e solidario.
11. LS é unha organización aberta e democrática, de base voluntaria, que pretende ser un instrumento para a participación da cidadanía que teña inxustizas relacionadas coa solidariedade, a equidade e a loita contra a pobreza dos países do sur.

4. Análise da nosa realidade (análise DAFO)

Trala revisión da definición da nosa misión e visión, dentro do proceso de planificación estratéxica levouse a cabo un proceso de autoavaliación para analizar a situación presente da entidade, identificándose puntos fortes e debilidades e as oportunidades e ameazas presentes na nosa contorna.

Esta análise DAFO baséase nos resultados dunha análise semellante realizada con motivo da avaliación realizada por DEVALAR en 2007 aínda que ten en conta cambios organizativos resultantes do proceso de aprendizaxe xurdido da propia avaliación que corruxaron debilidades detectadas e tamén das melloras acadadas polo proceso de fortalecemento da entidade.

As principais **DEBILIDADES** a corrixir son:

- Falta de persoal con dedicación estable e completa á entidade.
- Alta vontade das persoas pero con compromiso irregular e residual ás necesidades da ONGD. Falta claridade no grado de compromiso de cada un.
- Somos poucos para as tarefas que temos e con unha capacidade de atracción de persoas colaboradoras insuficiente.
- Implicación das persoas do barrio de Labañou insuficiente
- Formación técnica sobre novos enfoques ou temas actuais na cooperación escasa, con necesidade de actualización
- Foi mellorada a planificación de convocatorias pero non se dispón de estrutura organizativa estable para a redacción de proxectos que dispoña de tempo para a presentación a convocatorias, esta falta de tempo implica que aínda se traballa nunha metodoloxía de acción reactiva e en moitos casos pódese perder potencial financiamento.
- Debilidade na sistematización de mecanismos e procesos de seguimento e avaliación.
- Canles de comunicación externa e difusión foron actualizados e mellorados pero corre o risco de esvaece se non son “alimentados” de contidos
- Esgotamento, falta de persoas mozas implicadas.
- Certo decaemento xeneralizado dos ánimos co paso do tempo.
- Inestabilidade da contraparte en Vilcabamba.
- Non existe un plan de desenvolvemento de Vilcabamba escrito e compartido polos socios pero existe un esquema inicial para San Miguel.

As principais **FORTALEZAS** a manter son:

- Organización horizontal democrática e participativa, con confianza mutua e respecto polas decisións dos demais.
- Existencia de impulsor/coordinador.
- Multidisciplinabilidade formativa dos colaboradores e colaboradoras tanto en temáticas do desenvolvemento como a saúde, xénero ou o turismo sostible pero tamén en técnicas de organización e administración en xeral.
- Fidelidade das persoas socias.
- Existencia de rutinas no traballo aquí e no terreo.
- Ideoloxía e compromiso moral alto.
- Éxito e “orgullo” de determinados proxectos.
- Referentes e contactos directos no terreo. Beneficiarios e beneficiarias con rostro e nome.
- Visitas anuais a terreo en ocasións con socios/as e colaboradores/as que ven os proxectos *in situ*, o que axuda enormemente a súa fidelidade á entidade.
- Existencia de persoal local contratado en terreo con gran coñecemento da realidade.
- Comunicación directa, “proximidade” da Xunta Directiva.
- Existencia de Web 2.0.
- Realización de actos públicos abertos á participación cidadá.
- Mellorada a formación técnica na metodoloxía da cooperación ao desenvolvemento da Xunta Directiva.
- Existencia de un plan de convocatorias que permite unha planificación máis axeitada.
- Alta capacidade de acollida de persoas colaboradoras.

As principais **OPORTUNIDADES** a explotar son:

- Existencia de axudas/convocatorias públicas para o fortalecemento de ONGDs, así como outras que permiten e/ou apoian a contratación de persoal en sede. Aumento na diversificación de convocatorias públicas e privadas para ONGDs.
- Boa disposición das novas institucións de Vilcabamba á colaboración ca ONGD, así como recoñecemento da poboación local.
- Convenios con diferentes institucións peruanas.
- Dispoñibilidade de contar con persoal técnico asesor pola pertenza á Coordinadora Estatal e Autonómica de ONGDs.
- Rede de persoas e de entidades dispostas a colaborar en terreo: xeración de redes de apoio.

- Aumento de capital presente na área de Vilcabamba procedente do canon do gas de Camisea.
- Posibilidades de acadar maior difusión coas novas tecnoloxías e redes sociais da web 2.0 xa implantada.
- Existencia de potenciais socios e simpatizantes, incluída a potencialidade do propio barrio de Labañou se se consegue unha forte identificación como actores de cooperación.
- Existencia de liñas de apoio á difusión e sensibilización social.
- Posibilidade de que as xa moitas persoas que visitaron Vilcabamba difundan as súas experiencias e o proxecto ao regreso que aumente a nosa visibilidade e incidencia para captar novos socios e socias.
- Posibilidade de aproveitar e mellorar os contactos e compartir experiencias e leccións aprendidas coas diferentes redes de organizacións do sector da cooperación ao desenvolvemento.
- O Comercio Xusto está sendo recoñecido por diferentes institucións como unha ferramenta útil de desenvolvemento. Existencia de políticas rexionais, nacionais e supranacionais a favor do Comercio Xusto. Gran número de ONGs traballando nese eido.
- Maior visibilidade e incidencia no sector galego de cooperación

E as principais **AMEAZAS** a afrontar son:

- Visión popular negativa das ONGs, descenso da lexitimidade de cara ao público das organizacións que traballamos fora dado aumento da pobreza dentro das nosas fronteiras.
- Descenso nos orzamentos para subvencións e convocatorias tanto públicas como privadas no contexto de crise actual. Aumento na competitividade polos recursos.
- Posibilidade de descenso nos ingresos ou no número de socios e socias debido á crise actual.
- Frecuentes cambios de políticas e de responsables das Institucións peruanas que dificulten ou impidan a consecución de acordos ou convenios.
- Inestabilidade do persoal técnico nas administracións peruanas, o que negocia hoxe pode non ter vixencia mañá por cambios nas persoas titulares das responsabilidades.
- Escaso recoñecemento a nivel local, nacional e internacional.
- Saturación da poboación ante as ferramentas de comunicación social (redes 2.0) que diminúa o impacto esperado.

4. Obxectivos 2012-2015

5.1/ En Vilcabamba

5.1.1/ Na conca do río Vilcabamba:

- Plan de desenvolvemento Turístico

1. Promoción de Vilcabamba como destino turístico:

- Promover unha web de Vilcabamba como destino turístico vivencial, ecolóxico e arqueolóxico.
- Introducir no mercado turístico unha oferta concreta de circuítos turísticos con garantías de ser xestionados dende Vilcabamba.
- Colaborar con DIRCETUR na promoción do turismo comunitario en Vilcabamba e na capacitación da poboación.
- Colaborar con COPESCO na posta en valor dos recursos e atractivos turísticos.
- Promover a organización unha viaxe de turismo solidario nos seguintes anos.
- Promover a creación dunha escola oficial de arqueoloxía.

2. Asegurar o bo funcionamento da oficina de información e xestión turística:

- Manter o convenio ca municipalidade da cesión do uso de parte da Casa Labañou como oficina de atención ao turista e exposición dos recursos turísticos.

- Microcréditos

1. Asesoramento e seguimento aos microproxectos financiados en colaboración co GGAD ate unha xestión eficiente.
2. Trasladar a longo prazo esta ferramenta de crédito a San Miguel.

- Desenvolvemento comunitario

1. Asesoramento e dinamización das organizacións comunitarias (incluído o GGAD, arrieiras/os, xoves, artesáns/as, comunidades campesiñas, DEMUNA,.....)
2. Emprazamentos, asesoramento e colaboración institucional ca municipalidade (orzamentos participativos, convenio con DIRCETUR, microcréditos, reforzamento da DEMUNA, etc.)

- **Área agropecuaria**

1. Continuar ca capacitación e seguimento dos hortos familiares agroecolóxicos (“Chacra ecolóxica”)
2. Promover a formación dun ou dunha técnico local para a súa formación co noso técnico durante un ano.
3. Promover perante a Municipalidade que este proxecto convértase nun Programa Municipal permanente sobre Seguridade Alimentaria e que poida ser exportado e executado noutras concas do distrito.
4. Promover a creación dunha escola oficial de agroecoloxía na Casa Labañou.

- **Xénero**

1. Promover o fortalecemento e dotación das oficinas da DEMUNA cunha equipa multidisciplinar (na que dúas persoas sexan quechuaparlantes) de ambos sexos que poida atender con maior eficacia os casos de abandono familiar, violencia contra a muller e intrafamiliar, etc.
2. Promover unha colaboración máis estreita ca comisaría da familia en Quillabamba que tamén é dependente do Ministerio da Muller.

- **Casa Labañou:**

1. Promover a dinamización da oficina de información e xestión turística.
2. Promover a dotación da sala de información e exposición de recursos turísticos e exposición/venta de artesanía.
3. Cesión provisional de parte da Casa ao Ministerio de Cultura do Perú para la creación dunha escola oficial de arqueoloxía e agroecoloxía con vistas á súa cesión do uso definitiva.
4. Mantemento do uso comunitario da aula de capacitación.
5. Mantemento da chacra ecolóxica demostrativa.
6. Promoción de la enerxía solar con métodos artesanais (cociñas e auga quente) mediante charlas demostrativas.

5.1.2 / No Val de San Miguel

- **Proxecto de desenvolvemento centrado no comercio xusto**, que contribúa a mellorar a calidade de vida da poboación, dependente na súa totalidade do cultivo do café e do cacao.
 1. Realizado un primeiro diagnóstico por parte dos nosos técnicos no Val de San Miguel, levarase a cabo un diagnóstico participativo ca poboación que teña en conta a transversalización do enfoque de xénero en todo o ciclo do proxecto.
 2. Promover a asistencia do noso persoal técnico, organismos locais e outras cooperativas no proceso de introdución aos mercados de CX.
 3. Reforzar os contactos e relacións cas organizacións e líderes locais.
 4. Promover a capacitación de líderes xoves.
 5. Facer de ponte e introducir contactos de certificadoras, comercializadoras e distribuidoras no mercado de CX.
 6. Promover mediante asistencia técnica a xeración de proxectos de fortalecemento das asociacións de familias produtoras e da calidade do seu café e cacao que poidan ser obxecto de financiamento das institucións peruanas.
 7. Explorar as posibilidades de contar cunha contraparte local, fiable e que comparta os principios xenéricos de Labañou Solidaria.
 8. Avaliación doutros problemas e necesidades susceptibles de intervención.

- **Posibilidades de intervención a analizar e promover nos próximos anos**
 1. Promoción do turismo vivencial asociado ao café e cacao.
 2. Valorar as posibilidades de introdución das froitas tropicais da zona nos mercados de CX.
 3. Promover a execución do proxecto da “Chacra ecolóxica” como un programa da municipalidade ou executalo nós directamente ate que isto suceda.
 4. Promover o reforzamento da DEMUNA.
 5. Exportar o modelo dos microcréditos.

5.2 / En A Coruña

- **Labañou Solidaria como instrumento aberto para a participación da cidadanía** en materia de solidariedade e loita contra a inxustiza, a desigualdade e a pobreza dos países do Sur.
 1. Mantemento das actividades que vimos realizando en A Coruña (sardiñada, cea solidaria, Día do CX na rúa, mercados solidarios, acto público en Labañou)
 2. Reforzo dos Plenarios, con reunións cada dos meses, con invitados.
 3. Elaboración dun Plan de información e difusión da ONGD nos medios de comunicación e nas redes sociais.
 4. Colaboración con outras institucións (Universidade de A Coruña)
 5. Alimentar a web de Labañou Solidaria de contidos e manter o envío de boletíns electrónicos.

- **Plan de fortalecemento de la ONG**
 1. Mellora da información e atención ás persoas socias.
 2. Elaboración dun Plan de crecemento do número de persoas socias.
 3. Elaboración de un Plan de financiamento.
 4. Novas incorporacións á Xunta Directiva
 5. Contratación de un xestor/a técnico/a a tempo parcial.

6/ Estratexias e tarefas

6.1/ En Vilcabamba

6.1.1/ Promoción de Vilcabamba como destino turístico

- **Páxina Web de Vilcabamba:**

Reforzar a páxina, explicando a historia e atractivos de Vilcabamba, as rutas, os recursos turísticos, os contactos para información e planificación de viaxes, etc.

- **Trasladar ao mercado turístico unha oferta concreta de circuitos turísticos con garantías de ser xestionados dende Vilcabamba:**

Ofertar ás axencias, en Webs especializadas, etc. os circuitos xa definidos, intentando que o seu contido, a súa organización e xestión realícese dende Vilcabamba (oficina da Casa Labañou, GGAD, AMEIT...). É dicir, como fan en Ratchi, Llachón, Anapia... determinando os prezos, editando cartaces, e todo o necesario.

- **Colaborar con DIRCETUR na capacitación e promoción do turismo comunitario en Vilcabamba, renovando o convenio actual por dous anos:**

Se trata da nosa colaboración no FamTrip, o programa de turismo social de cada 3º fin de semana de cada mes, da capacitación por parte de DIRCETUR, da colaboración nas redes de turismo vivencial .

- **Colaborar coa institución governamental COPESCU**

Asinando un convenio de colaboración para o estudo e posta en valor dos recursos arqueolóxicos e demais atractivos turísticos. Melloramento das comunicacións, melloras urbanísticas das localidades, saneamento básico, etc.

- **Colaborar co Ministerio de Cultura do Perú**

Asinando un convenio co Ministerio de Cultura e AECID en Perú para a creación dunha escola oficial de Arqueoloxía y Agroecoloxía en Vilcabamba, que contribúa a dar saída ao futuro da xuventude vilcabambina. Para isto, Labañou Solidaria cederá de forma provisional o uso de parte da Casa Labañou durante os tres primeiros anos.

- **Viaxes de turismo solidario**

Tratase de organizar viaxes sen ánimo de lucro con uns/as 10 turistas solidarios ou ben aproveitando o viaxe de seguimento de cada ano.

6.1.2/ Asegurar o bo funcionamento da oficina de información e xestión turística:

- **Asegurar o bo uso de la Casa Labañou como oficina de atención ao turista:**

Cedido o uso de parte da Casa Labañou como oficina de xestión e exposición de recursos turísticos onde se informe a todas as persoas que o soliciten acerca das rutas que se poden facer, cantos días, canto é o seu custo, en que consisten. Onde se poidan xestionar e organizar as visitas cos hospedaxes, arrieiros, guías, comidas, a artesanía que se pode mercar, mapas, historia, lugares de interese, fotos, etc. No horto poderase empregar a chakra ecolóxica para mostrar os produtos de Vilcabamba. Na aula de capacitación seguiranse a facer as reunións e cursos de capacitación.

Haberá que levar un control continuo de que o uso para que foi destinada a cesión sexa mantido en todo momento, e tanto a oficina de xestión como a de exposición de recursos turísticos sexan dotadas dos recursos humanos e materiais necesarios para o seu correcto e eficaz funcionamento.

6.1.3/ Microcréditos

- **Asesoramento e seguimento aos microproxectos financiados ate agora**

Tratase de manter estes anos o seguimento dos microproxectos financiados ate o momento, asesorando ó GGAD e participando no Comisión de Seguimento dos microcréditos.

- **Asesorar, supervisar e completara transferencia ao GGAD da xestión dos microcréditos**

Tratase de asesorar ao GGAD nas futuras convocatorias de microcréditos por parte do propio GGAD e de colaborar nos criterios de selección dos proxectos a financiar.

Xestionar coa maior seguridade posible a transferencia total da xestión dos microcréditos ao GGAD para o futuro.

6.1.4/ Desenvolvemento comunitario

- **Asesoramento e dinamización das organizacións comunitarias:**

Tratase de promover, capacitar, asesorar, etc. a participación e as organizacións comunitarias dun xeito transversal. Isto inclúe ás organizacións de base (Arrieiras/os, Xoves, Artesáns/as, Comunidades campesiñas, AMEIT,...) e ás de segundo nivel (GGAD).

Reunións de asesoramento e capacitación coas organizacións.

Colaboración do técnico de Labañou Solidaria coa Xunta Directiva do GGAD, actuando como asesor da mesma.

- **Emprazamentos á municipalidade e outras institucións:**

Tratase de dirixirse á municipalidade e outras institucións (DIRCETUR, MINSA, DEMUNA, etc) con propostas que contribúan ao desenvolvemento sostible en función das súas responsabilidades institucionais. Isto inclúe a firma de convenios, a participación nos orzamentos participativos, a promoción da democracia participativa, emprazamento a implantar recursos, etc. En concreto, emprazar á municipalidade para que a contratación dun técnico para atender a oficina de xestión e información turística sexa continuada no tempo.

6.1.5/ Área agropecuaria

- **Proxecto “chacra ecolóxica”**

Tratase de continuar co asesoramento e a capacitación nos hortos agroecolóxicos que contribúan a un mellor e máis saudable aproveitamento dos recursos agroalimentarios a nivel familiar, a garantir unha fonte de alimentación durante todo o ano e a obter un beneficio pola comercialización dos excedentes da produción.

Continuarase cos talleres de capacitación por localidades e o mantemento da “chacra ecolóxica” demostrativa da Casa Labañou.

Continuarase coa colaboración do persoal sanitario do Centro de Saúde de Pucyura para os obradoiros de hixiene da alimentación e necesidades nutritivas.

Promoverase a contratación por parte da municipalidade de unha persoa que poida ser formada polo noso enxeñeiro agropecuario co obxectivo de que o proxecto convértase nun programa permanente da municipalidade para favorecer a seguridade alimentaria que poida ser exportado e executado ao longo de todo o distrito.

- **Creación dunha escola oficial de agroecoloxía**

Establecidas as negociacións pertinentes o nosa estratexia versará na firma dun convenio co Ministerio de Cultura e AECID de Perú coa cesión parcial e provisional da Casa Labañou para a creación dunha escola con capacidade para a formación de entre 10 e 15 técnicos e técnicas en agroecoloxía.

6.1.6/ Inicio de un proxecto de desenvolvemento centrado no Comercio Xusto no val de San Miguel:

- **Realizar un primeiro diagnóstico comunitario no val de San Miguel**

Deseño e execución dun primeiro diagnóstico comunitario no Val de San Miguel cunha parte descritiva que recolla os datos acerca do territorio, a demografía, os sectores produtivos, os recursos existentes (públicos e privados), as desigualdades de xénero, etc. e de outra parte participativa, de escoita á poboación, aos profesionais dos recursos e as autoridades, utilizando a metodoloxía da Audición, con énfase na transversalización de xénero dende o diagnóstico até a avaliación.

- **Estreitar os contactos e as relacións coas organizacións e líderes locais**

Profundar nos contactos iniciados ao longo de 2010 e 2011, con reunións coas cooperativas existentes e outras organizacións da comunidade, identificando a persoas líderes locais. Dando a coñecer á ONGD e escoitando as súas demandas.

- **Mellorar o noso grado de coñecemento da situación e metodoloxía do Comercio Xusto a nivel internacional**

Unha vez establecidos os contactos iniciais con ONGs, certificadoras e cooperativas e asociacións que xa traballan nese eido en Perú haberá que contactar coas coordinadoras de Comercio Xusto no país para ver que servizos poden ofrecer ás familias de San Miguel.

Contactarase en España coa coordinadora estatal e importadoras e comercializadoras para coñecer en profundidade os circuítos de comercialización no noso país. Analizar as vantaxes e dificultades da súa aplicación a nivel local.

- **Coñecer in situ a experiencia do Comercio Xusto no Val de Incahuasi**

Logo de xa termos contactado e reunido cun dos seus dirixentes, e establecido unha contorna colaborativa visitaremos o val de Incahuasi, onde iniciouse fai anos o Comercio Xusto co café e o cacao e poderemos entrevistarnos cos produtores e persoal técnico implicado na súa xestión para coñecer á súa experiencia e detectar posibles necesidades comúns con val de San Miguel.

Incentivarase unha viaxe de pasantía das persoas responsables das diferentes asociacións produtivas de San Miguel para que poidan examinar a experiencia dos seus propios veciños e veciñas.

- **Explorar as posibilidades de contar cunha contraparte local e identificala**

Buscar unha contraparte con capacidade xurídica e fiable, que comparta os principios xenéricos de Labañou Solidaria. Compartir o diagnóstico inicial e propoñerlle unha colaboración nun proxecto de desenvolvemento sostible para o val de San Miguel.

- **Avaliación doutros problemas e necesidades susceptibles de intervención**

Analizar os resultados da escoita á poboación, as opinións dos e das profesionais e das autoridades que traballan a nivel local e valorar posibilidades de colaboración.

- **Preparación dun proxecto de desenvolvemento no val de San Miguel centrado no Comercio Xusto para a o seu comezo en 2013.**

6.2 / Na Coruña

6.2.1/ Labañou Solidaria como instrumento aberto para a participación da cidadanía

Manter un dos puntos fortes que caracterizan a Labañou Solidaria coma organización aberta á incorporación de todas aquelas persoas que teñan inquiredanzas en materia de solidariedade e loita contra a inxustiza e a pobreza dos países do sur.

1. Mantemento da presenza pública de Labañou Solidaria ante a cidadanía do barrio de Labañou e A Coruña:

- Sardiñada e baile no barrio de Labañou no mes de xullo, coa colaboración da AA.VV. de Labañou.
- Cea solidaria anual para dar a coñecer Labañou Solidaria.
- Participación coa instalación dun posto en distintos mercados solidarios que se realizan en varias localidades (Oza de los Ríos).
- Realización de actividades de sensibilización e educación para a solidariedade en colexios que o demanden da cidade da Coruña e do barrio de Labañou en particular.
- Realización do Acto Público anual de información e rendición de contas á nosa base social e de cara á cidadanía no mes de outubro.

2. Reforzo dos Plenarios de Labañou Solidaria.

Con periodicidade trimestral, realización dun Plenario con todas aquelas persoas da contorna de Labañou Solidaria, que participan ocasionalmente nas actividades de Labañou Solidaria para mantelas informadas e recoller as súas opinións e suxestións, e invitando a outras persoas que queiran coñecernos.

3. Elaboración de un Plan de información e difusión da ONGD nos medios de comunicación e redes sociais

- Elaboración dun Plan que promova nosa presenza nos medios de comunicación de A Coruña e Galicia
- Edición dun díptico informativo dirixido á cidadanía con periodicidade anual, onde informemos do que fai Labañou Solidaria.
- Actualización periódica de contidos na nosa web, continuación e mantemento dos boletíns electrónicos.
- Elaboración dun instrumento que permita o mellor aproveitamento das redes sociais así como á diversificación e inclusión de contidos en diferentes soportes da web 2.0

4. Colaboración con outras institucións (Universidade de A Coruña)

- Mantemento e reforzo da nosa relación coa Universidade de A Coruña, coa que temos un convenio que permitiu a realización de prácticas a estudantes da Universidade.
- Colaboración co proxecto de investigación iniciados por unha equipa de profesionais da Universidade de A Coruña en Vilcabamba no ano 2011 (estudo da viabilidade de tratamento biolóxico das augas residuais). Colaboración na busca de financiamento e apoio técnico para a presentación a convocatorias públicas e privadas.

5. Páxina web de Labañou Solidaria

A nova páxina web como medio de comunicación interactivo e dinámico, terá que ser alimentado de contidos e actualizado periodicamente para reflectir a actualidade de Labañou Solidaria.

6.2.2/ Plan de fortalecemento da ONG

1. Mellora continua da información e atención ás persoas socias

As persoas socias son para Labañou Solidaria e mellor garantía para a sostibilidade e independencia da ONGD. Unha boa atención e información é fundamental para a súa fidelidade

- Edición dun Boletín informativo anual coa memoria de actuacións, rendición de contas e perspectivas de futuro.
- Boletíns electrónicos bimensuais a aquelas persoas interesadas.
- Información por E. Mail das distintas actividades públicas de LS.

2. Elaboración dun Plan de crecemento do número de persoas socias

Deseño dun Plan de captación de novas persoas socias, e tendo en conta o contexto de crise actual que dea como resultado que as baixas poidan ser suplidas por novas altas.

3. Elaboración de un Plan de financiamento. Explorar novas vías.

Procurar no posible o autofinanciamento das actividades permanentes de Labañou Solidaria e acudindo a financiamento externo para proxectos concretos e limitados no tempo de actuación en Vilcabamba e/ou A Coruña.

4. Novas incorporacións á Xunta Directiva

Invitación aberta a participar das xuntanzas da Xunta Directiva que facilite recambios e renovacións de cadros de dirección.

5. Contratación de persoal técnico a tempo parcial

Que contribúa a necesaria profesionalización de LS e impida o voluntarismo e o "queme"